

ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



ROMANCE GALLEGO
publicado en cerebidade da vinda de
SABELA SEGUNDA,
A ANTIGA CAPITAL DO REINO DE GALICIA.

NUM. 7 DE ABRIL DE 1886.

Se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,

Se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,
e se afora este de outro modo,




Edicións do Castro / ensaio

33. UN CANTAR DOS MAIOS DE 1841.

Hai cantares que pasan cedo ao esquecemento, e cantares que se fixan, moi rexo, na memoria tradicional. Polo que di aos «maios» é lóxico que perduren aqueles que se refiren á festa e aos seus costumes e que sexan desbotados axiña os que falan de persoas ou feitos do momento. Emporiso temos tantos que non é doado datar. Nembargantes algunhas cantigas «de circunstancias» chegan a acadar longa perduranza, ou por ser moi agudas ou por criticar un acecimento moi soado. Fixémonos nun exemplo que siquera en parte, si- gue hoxe escoitándose, e que moitos pontevedreses saben de coro sen conocer a súa orixe. Di deste xeito:

*Rapaces de Mourente,
rapaces de Marcón,
vinde ver a Carracedo,
que fuxiu con San Simón.
Rouboulle a camisa,
rouboulle o pantalón,
deixouno en cirolas
que metía compasión.
Viñeron os de Vigo
á Virxe do Camiño,
e Carracedo
todo lles estaba oíndo.
Veu San Simón,
zorregoulle un bofetón:
e ti gran puñeflero
disparaches o cañón.*



«Os Maios en Pontevedra»
Dibuxo de Agustín Portela

As copras pertecen aos «maios» do 1841, e fan a rexouba duns feitos ben sabidos, que sucederon nos meses de setembro e outubro do ano devanceiro.

Compoñen a serie catro copras. Na primeira atópase o «rechamo» tópico aos mocíños das freguesías veciñas da vila e a mención do «roubo ritual». Mais xa non é furto de «laranxas e fiuncho, na horta de Ferradás», senón o rapto de San Simón por Carracedo. Convén identificar, de antemán, as imaxes. Na Capela da Virxe do Camiño, de patronato do Concello fora de murallas, no comenzo do Camiño Vello a Tuy, gardábanse os «pasos» das procesións da Semán Maior. O «da Caída» estaba formado por tres figuras: a de Cristo, que agora sai no «Horto dos Olivos» cun ánxel novo; San Simón Cireneo, termando da Cruz cunha túnica morada e cariña de infelís e apoucado, e un sayón trompeteiro que ía diante e que era o coco dos nenos e, como Xudas da Cea, a vítima dos seus aldraxes. A este fachendoso e mal encarado soldado román chamabámoslle «Carracedo», non sei se porque a escultura era vella e chea de caruncho, ou por alusión ao topónimo do lugar, que está entre Caldas e Valga, e que virá ou de «caricetus» ou de «quercus». Sexa o que queira, chamarlle a calquera «Carracedo», era porlle un alcume do peor.

Carlos Sobrino fixera un dibuxo do grupo, diante de Santa María e, ao mellor, garda un apunte que será canto quede do sayón.

Agora, o feito histórico. No día catro de setembro do 1840, o pronunciamento de Espartero dá remate á Rexencia da Raíña María Cristina, viuda de Fernando VII. Os vigueses axuntáronse axiña á sublevación. Foi a «Junta Revolucionaria»

de Vigo a que nomeou novo Capitán General de Galicia ao Brigadier Iriarte. O Gobernador Militar de Pontevedra quixo oporse e atacou a Vigo que non sómentes rechazou o alzanzo, senón que veu con forza dabondo, contra a «Boa Vila» onde o Comandante vigués, Ramos Matador, estivo cercado no cuartel da vella Maestranza de Santo Domingo. A xente das aldeas, sobre todo os de Cotobade, anque non faltarían mozos de Mourente e de Marcón, baixaron á defensa da capital. Os atacantes, con don Ramón Buch ao fronte de un forte continxente de tropa, ben municionado, situáronse na Virxe do Camiño, montaron as súas pezas de artillería e dispararon contra as torres da Peregrina, onde se fixo forte un destacamento de milicianos pontevedreses. O día catro do mes de outubro, despois de complexos tratos, a columna viguesa «en correcta formación», entrou pola Porta de Trabancas, ocupou a vila e a Maestranza. O día oito, o Capitán General, despois de unha «orden» laudatoria pra os vigueses, dirixíulles unha arenga «con afabilidad» e os fixo voltar a Vigo, onde, pra recibilos, dispuxeron moitos festexos.

Non é mester decir que na «guerra pequeniña» entre Vigo e Pontevedra, xogaban non soio posicións políticas —progresistas fronte a absolutistas— senón as loitas da capitalidade. Podedes velo nos libros de J. de Santiago, E. Fernández Villamil e X. M. Alvarez Blázquez.

Na ocupación, tería sucedido algunha estragueira na Capela da Virxe do Camiño. Ramos Matador pasou a ser prás xentes un «Carracedo» que escoitaba, no seu confinamento, as ordes dos pontevedreses, e transmitiu a Vigo instrucións moi concretas pra o ataque. O remate das copras

vai dirixido ao artilheiro que disparou contra a torre da Peregrina.

E velei tendes cómo un sucedido histórico foi-se espellar nos maios, que se repiten sen que os cantores sepan a qué estrano conto se refiren as alusións a San Simón e a Carracedo.

7-V-1977